

A MORTE DE NINGUÉN (O ENIGMA DE HEINZ CHES)



FICHA TÉCNICA

Nacionalidade: España
Ano de produción: 2004
Estrea (en Galicia): 14-05-05
Xénero: Documental
Título orixinal: La mort de ningú
Dirección: Joan Dolç
Intérpretes: personaxes reais e Juan Echanove
Guión: Joan Dolç
Productoras: Malvarrosa Media coa colaboración de TV3

O 2 de marzo de 1974 o garrote vil funcionou por última vez en España. Pouco antes das dez da mañá o verdugo acabou coa vida do anarquista catalán Puig Antich na prisión de Barcelona, Case ao mesmo tempo corría a mesma sorte na prisión de Tarragona un misterioso vagabundo que fora condenado á pena capital polo asasinato dun garda civil en decembro de 1972. O pouco que se sabía del era o que el mesmo contara: que se chamaba Heinz Ches, que nacera en Polonia en 1939 e que non tiña familia.

Segundo palabras do di-

rector, Joan Dolç, “o réxime franquista executouno porque non era ninguén e como ninguén estaba pasando á historia”. O documental reconstrúe a biografía duns dos últimos executados do franquismo e demostra que Ches non era polaco, nin nacera en 1939 e si tiña familia. O home axustizado en Tarragona chamábase Georg Michael Welzel e nacera na República Democrática Alemana en 1944. Welzel era un fuxitivo da Alemania do Este, que saíra clandestinamente do seu país buscando máis oportunidades. A ironía trágica desta historia é que o maior líder da loita anticomunista de Europa, Franco, acabou executando a un fuxido dun país comunista.

As autoridades coñecían perfectamente a verdadeira personalidade de Ches, pero había motivos políticos para ocultar a verdade. Tras o atentado contra Carrero Blanco, en decembro de 1973, o réxime franquista viuse cambaleado polo se tomaron medidas para que se percibise un reforzo da autoridade. Aplicáronse entón sentencias de morte, xa firmadas con anterioridade, como a do anarquista catalán Puig Antich, que se converteu nun símbolo da loita antifranquista. Para maquillar esta execución dun preso político, condenado por un tribunal militar, decidiuse executar ao mesmo tempo a un delincuente común, que quitara ferro ao asunto e despolitizase as execucións.

Heinz Ches foi o



GARROTE VIL

“ninguén” que fixo o papel de “despistador”. A súa execución só asistiron os que estaban obrigados a facelo. Anque os detalles deste penoso acontecemento gardáronse coma secreto sumarial, sábese que morreu a mans dun verdugo inexperto que prolongou a súa agonía ata extremos moi doórosos.

Este acontecemento inspirou á compañía catalana Els Joglars na súa obra teatral La Torna, estreada en 1977. A partir dos poucos datos coñecidos constrúese unha farsa na que todos os personaxes levan máscara excepto Ches, que asiste impávido como ao espectáculo que se constrúe ao seu redor. “Torna” en catalán era o nome que recibía unha peza de pan que non chegaba ao

A MORTE DE NINGUÉN (O ENIGMA DE HEINZ CHES)

peso previsto. O director da compañía, Albert Boadella, foi xulgado na transición democrática por un tribunal militar que o condenou ao cárcere e provocou o seu exilio.

O documental é unha valiosa radiografía dos últimos anos do franquismo. Nel interveñen personaxes coma os xornalistas José Luis Martín Prieto e Manuel Campo Vidal; a familia de Ches: irmáns, compañeira e fillos; o seu avogado Jordi Salvá, o historiador Juan eslava Galán, o escritor Manuel Vázquez Montalbán e o actor e dra-

maturgo Albert Boadella entre outros. RESULTAN arrepiantes algunhas declaracións coma as dun exministro de xustiza do franquismo que xustifica o feitos e quítalles importancia cunha naturalidade pasmosa.

Sacar aos mortos coma estes do esquecemento supón a recuperación da nosa memoria histórica, que nos fai entender mellor o presente e reformulalo dende outras perspectivas. A vista deste documental permítenos, pois, unha nova lectura de frases tan cacarexadas ultimamente



coma “a traizón aos mortos” coa que acusan certos políticos desmemoriados do noso pasado aos que intentan negociar a paz presente.

Colectivo Antiamnesia

A MAN QUE ARROLA O BERCE



Título orixinal: «The Hand That Rocks the Cradle»

País: EE.UU.

Ano: (1992)

Duración: 105'

Director: Curtis Hanson

Actores: Annabella Sciora, Rebecca De Mornay, Matt McCoy

Esta é unha película estadounidense de Curtis Hanson e que foi estreada nos cines en 1992. A pesar de ser de intriga, non é recomendada para menores de trece anos e a súa duración é de aproximadamente 110 minutos.

Nela relátase a historia de Peyton Flandes, unha muller que, tras perder o seu marido e o seu fillo, decide vingarse de Claire Bartel ao que acusa de toda a súa desgraza.

Tras conseguir introducirse como neneira na familia Baertel, un matrimonio con dous fillos que aceptan a Peyton

como unha muller bondadosa e servizal, pon en marcha un terrible plan que ameazará con destruír a vida de Claire. Un diminuído psíquico que traballa para a familia, observa algo raro sobre Peyton, pero ninguén termina por crelo e acaba sendo despedido; sen embargo, é el máis tarde quen saca a familia de apuros e descobre que a encantadora neneira esconde algo máis.

Rosa Cabado Miguélez. B1A